



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



# Programación de Actividades Complementarias e Extraescolares

*IES Plurilingüe Fontexería*

f

Curso 2023 - 24

## 1. Introducción

As actividades complementarias e extraescolares representan unha importante área de aprendizaxe e formación, sexa esta de carácter académico e curricular ou - e especialmente importante- de carácter humano, social e persoal. O IES Fontexería apostou desde a súa fundación por diversificar a súa oferta formativa e por tratar de dar sempre o mellor servizo á cidadanía, coa conciencia clara de que o ensino público debe ter un compromiso por eliminar na medida do posible as barreiras sociais, culturais e económicas que existen dentro da nosa zona educativa, e tamén aquelas que nos afastan de outras áreas urbanas que dispoñen dunha maior facilidade de acceso á cultura e ao coñecemento.

Proba desta aposta é a enorme cantidade e a calidade das actividades de todo tipo que se celebran cada curso, a implicación da práctica totalidade do profesorado na súa organización e a extensión das actividades a todo o alumnado do centro.

Desde hai anos a programación das actividades complementarias e extraescolares forma parte dos principios fundamentais de acción do centro, e así é asumido por toda a comunidade educativa, particularmente polo profesorado, que ocupa un papel fundamental na súa dinamización e dedica un gran esforzo persoal en que todo saia adiante, esforzo que excede na maioría dos casos o horario laboral.

Entendemos que as actividades complementarias e extraescolares son, polo tanto, unha das áreas importantes de acción no centro, que contribúe de forma importante á cohesión de toda a comunidade educativa e que favorece o logro dun bo clima de convivencia, á vez que abre portas ao alumnado mais aló da actividade académica diaria.

## 2. Obxectivos

Todo o alumnado que pase polo centro debe contar coa oportunidade de desfrutar dunha ampla oferta de actividades, que lle permita adquirir unha visión global do mundo, desde os ámbitos máis próximos e familiares como son o coñecemento persoal que cada quen ten de si e o coñecemento da contorna humana e física, ata os niveis máis universais, como son a historia, a arte, as diferentes culturas, os valores humanos, a ciencia ou os retos aos que se enfrenta a humanidade.

Con esta premisa, a programación de actividades complementarias e extraescolares tratará de ser diversa e integradora, de xeito que poda responder ao maior número de sensibilidades existentes entre o alumnado, profesorado e familias, sexa atendendo ás propostas que procedan de calquera dos sectores da comunidade educativa aludidos, ou ben cubrindo as lagoas que se podan detectar, atendendo ás manifestacións e problemáticas de maior actualidade que non estean directamente tratadas nas diferentes programacións didácticas dos departamentos.

### 3. Principios e valores

A programación das actividades complementarias e extraescolares deberá fundamentarse nos principios de igualdade e non exclusión por razóns de procedencia, cultura, xénero, crenzas, capacidades ou económicas. Atendendo a isto, deberá terse en conta que o acceso ás actividades non se produce sempre en igualdade de condicións, sexa por motivos económicos, de xénero, sociais, familiares ou outros, polo que a organización das actividades deberá contemplar sempre a necesidade de eliminar na medida do posible os obstáculos que podan xurdir e que impliquen unha diferenza de oportunidades. A discriminación positiva convértese así nun principio de grande importancia coa vista posta en que todo o noso alumnado conte con condicións e oportunidades homologables, tanto a nivel interno do centro, como a nivel externo, evitando que o facto de vivirmos nunha área afastada das zonas urbanas implique dificultade no acceso a bens culturais, recursos tecnolóxicos ou, en xeral, oportunidades de crecemento persoal e colectivo.

Como é evidente, toda a actividade do centro estará ademais comprometida coa defensa positiva de valores como a igualdade, o respecto ás persoas e ao medio ambiente, a solidariedade, a democracia, a integración e a autonomía persoal.

### 4. Dinamización interna

A actividade do instituto deberá tratar de dinamizar tanto a vida interna do centro, como a participación externa con entidades, institucións e colectivos, pertencentes ao ámbito educativo ou non. Entre as actividades de dinamización interna, ademais das que teñen un carácter preferentemente didáctico ou formativo, é importante que se deseñe un programa de actividades permanente que permita crear vínculos entre o alumnado, e deste co profesorado e co centro como tal, fomentando valores de interese social como o respecto, a limpeza, a orden, a corresponsabilidade, a creatividade, a colaboración ou o aprecio polo bo gusto estético. Así, tratarase de levar adiante actividades que favorezan o logro de espazos de traballo agradables, o cuidado e limpeza das aulas, mobiliario, corredores, patios e instalacións en xeral, involucrando e responsabilizando ao alumnado, na medida do posible, na iniciativa, no deseño, na organización e no desenvolvemento destas actividades.

Neste sentido, en cursos anteriores xa se contemplaron medidas para procurar unha maior sensibilización e colaboración do alumnado na limpeza durante as celebracións, recadar do alumnado propostas de actividades para a Semana Cultural e obter información sobre a valoración destas actividades, participación no deseño de carteis para a Semana Cultural por exemplo, e involucrar a diversos grupos de alumnas e alumnos na organización e condución de diversas actividades como O Magosto.

Estas e outras iniciativas deberán seguir tendo cabida nesta programación, para que as actividades resulten do mellor aproveitamento e respondan da mellor forma

posible ás expectativas da comunidade educativa, á vez que toda a comunidade, e especialmente o alumnado, se sinta partícipe das mesmas.

## I Departamentos

Calquera actividade desenvolvida polos departamentos deberá ter sempre un carácter integrador e unha xustificación, sexa esta directamente didáctica ou non. Todas as actividades que sexan organizadas por departamentos, biblioteca ou outros, deberán contar con unha programación, un calendario, un rexistro documental e unha avaliación, e deberán ademais ser comunicadas sempre coa suficiente antelación á vicedirección, para que podan ser aprobadas polo Consello Escolar, no caso de que sexa preceptivo, e para que se poda informar adecuadamente ás familias, ao profesorado e ao persoal non docente, se fose o caso. Deberán comunicarse as necesidades de espazos, medios humanos, técnicos ou informáticos, afectación ao horario ou calendario normal de aulas, e ademais tratarase sempre de deixar un rexistro gráfico que permita a promoción e divulgación das actividades realizadas, de xeito que o esforzo que supón a súa organización resulte útil ao centro e á comunidade educativa en xeral, para conformar un arquivo histórico e para a mellora das prácticas organizativas. O departamento que propón a actividade deberá recoller as autorizacións e diñeiro (si é necesario), evitando que as persoas de Dirección estea recollendo diariamente documentación ou diñeiro.

Anexo I : Actividades dos departamentos comunicadas neste momento

## II Viaxes

As viaxes de carácter extraescolar proporcionan ao alumnado unha experiencia única e necesaria, e contribúe en moitos aspectos á súa formación como persoas e como cidadáns, cubrindo campos que doutro xeito serían dificilmente accesibles, dada a nosa localización periférica e configuración socio-xeográfica rural ou semiurbana. Entre estas achegas están o fomento da convivencia, a autonomía e a autoorganización, o descubrimento de outras comunidades e culturas, o fomento de bos hábitos de vida e o respecto á diversidade. Trataremos de que todo o alumnado teña a oportunidade de acceder a estas actividades, establecendo un calendario diverso e adecuado aos obxectivos que se perseguen.

Entre as viaxes de carácter periódico xa consolidadas contamos coas de fin de etapa en 4º de ESO e a viaxe a Andalucía. Neste curso engádese unha nova proposta do Departamento de Inglés, consistente nunha viaxe a unha zona de Galicia para estimular o uso da lingua oral “Dixital Week” que se completará coa “Spring Week” si se oferta.

Ademais xorden durante o curso varias ocasións de organizar viaxes con motivo de competicións deportivas, visitas a exposicións, visitas a

instalacións industriais, institucións, museos e demais, que fan que a oferta sexa variada, completa e accesible.

### III Proxectos e dinamizacións

Entre os proxectos e dinamizacións con retorno no alumado, contamos cos plans Proxecta, nas seguintes modalidades, todas elas admitidas por parte da CCEOU: *Donas de Si*, *Proxecto Deportivo de Centro*, *Quérote+*, *Parlamento Xove*, *Consumópolis*, *Proxecto Ríos* e *Aprendo programando*.

Contamos ademais coas seguintes dinamizacións: Dinamización TIC, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Equipo de Dinamización de Convivencia e Igualdade. A todo isto hai que engadir unha coordinación E-Dixgal.

Todos estes proxectos organizan ao longo do curso diversas actividades relacionadas co seu propio ámbito de intervención, dirixidas ao conxunto da comunidade escolar, coa colaboración do profesorado involucrado en cada un deles e tamén do resto do profesorado e, en ocasións, traballando de xeito integrado varias destas dinamizacións.

É importante manter o principio, como así se ven facendo, de que o alumnado participe no desenvolvemento destes proxectos, de xeito que podamos obter unha maior retroalimentación á hora de avaliar o logro dos obxectivos marcados, á vez que facemos que o alumnado se sinta máis partícipe no seu propio deseño e implementación. É ademais desexable que as conmemoracións anuais fixas ( Día contra a Violencia de Xénero, Día das Letras Galegas, Día das Galegas nas Letras e tantos outros) sexan incorporadas en aqueles proxectos que estean en funcionamento, de maneira que estes proxectos poidan ter aínda máis contido e que cobren unha maior presenza e visibilización nos días sinalados. Na práctica xa se está a facer, e de facto os equipos de Dinamización de Lingua Galega, Biblioteca, ou Convivencia e Igualdade xa contan coa colaboración habitual de distintos grupos de alumnas e alumnos e contan ademais con varias destas conmemoracións entre o seu calendario de actividades.

### IV Celebracións

Entre as actividades máis consolidadas, deixando un capítulo especial para a Semana Cultural, temos as celebracións do Magosto e do Entroido, o acto de despedida do alumnado de 2º de bacharelato e de ciclos.

Debemos procurar que estas celebracións contén coa colaboración de todo o alumnado, e non só a título participativo, senón tamén como auténticos axentes con capacidade de proposta e organización. Estas celebracións, ademais, precisan sempre do apoio da maior parte do profesorado e incluso do persoal non docente, de maneira que a xestión dos recursos materiais ou

técnicos, a organización dos actos e a limpeza e cuidado da contorna recaia en toda a comunidade educativa, fomentando así os valores da colaboración e a participación responsable.

#### V Semana Cultural

A Semana Cultural, da que se celebrará neste curso a súa 35ª edición ( do 18 ao 22 de marzo), é un referente do instituto pola súa historia, variedade, calidade e participación, ademais de ser un escaparate da nosa actividade anual cara fóra das nosas portas.

Debe seguir facéndose este esforzo de grande envergadura para todas as persoas que colaboran na súa organización. Convén, a este respecto, seguir afondando na participación activa do alumnado, no reparto de responsabilidades e na diversificación da oferta de actividades con carácter non exclusivamente académico.

É así mesmo importante manter o foco no alumnado do Ciclo, ESA e FPB para que siga participando da Semana Cultural, deseñando actividades que lles resulten de interese e das que se sintan partícipes ou incluso protagonistas, buscando ademais que estas actividades xeren unha maior integración co resto da comunidade escolar.

#### VI Participación do alumnado

Fomentarase a participación activa do alumnado, non só como suxeitos receptores da programación de actividades que se lles propoña, senón tamén e principalmente como parte fundamental no deseño dos calendarios de actividades, tipo de actividades, toma de iniciativas, autonomía organizativa, avaliación e divulgación. Ademais, resultou de enorme interese a participación en pasadas edicións da Semana Cultural de diferentes grupos como condutores de algunhas das actividades, experiencia que debemos conservar nas vindeiras edicións.

#### 4. Dinamización externa

En canto á dinamización externa do centro, entendemos que o instituto debe ser un axente dinamizador tanto na súa contorna como, a nivel máis amplo, no seu ámbito cultural natural galego. Por iso, un dos obxectivos é que o instituto estea presente en toda clase de iniciativas como certames, concursos, proxectos ou convocatorias de calquera outro tipo, que sexan de interese para a nosa comunidade, e máis aló, que o centro tome a iniciativa de crear as súas propias convocatorias extensivas a outros centros da redonda ou a outras entidades e persoas.

## I ANPA

A ANPA debe ter capacidade e iniciativa para promover actividades de todo tipo, sexan estas dirixidas á propia asociación, ao alumnado ou á comunidade educativa en xeral, ou ben para apoiar de calquera xeito as actividades que o centro organice, sexa mediante achegas económicas, financiando as actividades que libremente propoñan ou colaborando directamente na súa organización. Seguiremos procurando a colaboración coa ANPA para que financie algunhas actividades, na medida das súas posibilidades. Neste curso 23-24, a ANPA, colabora coa organización da viaxe de fin de etapa de 4º ESO prestando a súa conta para facer os pagos.

## II Concello

O Concello ven ofrecendo periodicamente a posibilidade de asistir a obras de teatro, sesións de cine, concertos e outras actividades dentro da súa programación cultural anual. A participación nestas actividades está en ocasións sometida a certa inmediatez e premura, polo que debemos establecer mecanismos que permitan un bo aproveitamento desta oferta, sen que isto provoque trastornos excesivos no desenvolvemento normal da actividade académica, tratando de adecuar as idades á actividade programada e aos centros de interese.

## III Outros centros

É importante manter e consolidar as canles de colaboración con outros centros, especialmente os radicados na nosa contorna, ben a través do establecemento de contactos de carácter permanente (blogs, colaboracións, competicións ...), ben a través da organización de actividades conxuntas (camiñadas, celebracións, visitas ...) ou calquera outro tipo de actividade. Resulta de especial interese no caso do IES As Insuas, xa que á adscrición do alumnado de ESO do concello aos dous centros de secundaria de Muros implica unha separación entre as parroquias do núcleo urbano e as periféricas, así como no caso do CEIP Ramón de Artaza, debido a que o noso centro é o destino natural do alumnado que finaliza a súa escolarización nel.

## IV Concursos e certames

Moitos centros educativos, universidades, asociacións e outras entidades convocan periodicamente concursos e outros certames de distinto tipo, que ofrecen unha moi interesante oportunidade para que o noso alumnado poda ampliar o seu ámbito de acción e desenvolver capacidades de carácter diverso. Ademais da participación periódica ou ocasional en algunhas destas

convocatorias, debemos abrir o campo de participación a outras que podan resultar interesantes.

#### V Convocatorias diversas

Ademais de todo o antedito, é así mesmo conveniente atender a toda clase de convocatorias externas que podan ser de interese para o alumnado, sexa a título persoal ou colectivo, e favorecer a divulgación, a participación e a iniciativa dentro da comunidade educativa.

### 5. Divulgación

Desde hai moitos anos as actividades complementarias e extraescolares forman parte esencial da política do centro, como así figura no PEC, documento base no que se establecen os principios que rexen o noso funcionamento. Derivado disto, contamos a día de hoxe con unha enorme e importante historia de actividades, dunha grande variedade e calidade, que é recoñecida polo alumnado actual e tamén, e de xeito especialmente entrañable, por alumnas e alumnos de anteriores promocións que xa teñen rematado a súa vida académica no instituto. Esta grande bagaxe debe ter unha transcendencia na nosa comunidade educativa e por iso resulta necesario divulgar o noso traballo, de maneira que non quede confinado ás aulas e corredores.

#### I Divulgación interna

Unha vez finalizadas as obras no vestíbulo principal e instalado o novo proxector, estaremos en condicións de recuperar a canle de información que se viña utilizando en anteriores cursos, e que consiste en proxectar a información sobre as actividades máis inmediatas ou ben o rexistro gráfico daquelas xa desenvolvidas. Estas proxeccións teñen unha especial importancia por chegar rapidamente ao alumnado, á vez que resulta atractivo poder ver en público imaxes e vídeos da actividade que se desenvolve no centro. Engadido ao anterior está previsto que se desenvolva un proxecto de radio escolar, que pode funcionar tamén como unha nova canle de comunicación interna e externa da vida do instituto.

#### II Web do centro

A web do instituto tamén debe ser un foro no que teña cabida de xeito dinámico toda clase de iniciativas de carácter non estritamente académico, como as viaxes, participación en concursos e certames, premios académicos, iniciativas de boas prácticas, concertos e representacións teatrais ou calquera outra manifestación de carácter artístico ou cultural,



incorporando sempre elementos gráficos que fagan a web dinámica e atractiva.

### III Medios de comunicación

É posible adquirir hábitos de comunicación rápida con diversos medios de ampla divulgación na nosa contorna, como son os xornais La Voz de Galicia e El Correo Gallego, ou o dixital Que Pasa na Costa.

### IV Outras webs e portais

Existen moitas webs e portais nos que a nosa actividade pode ter cabida, como poden ser o portal de novas do Concello, portais educativos da Consellería ou de outras institucións, portal A Ria da Estrela ...

### V Publicacións

Finalmente é desexable dispor de rexistros gráficos e documentais de algunhas das iniciativas máis logradas, de xeito que se podan publicar nun formato adecuado (vídeo, presentación, revista ...) estes traballos para así darlles aínda algo máis de vida e aproveitamento non só a nivel interno do centro.

## 6. Organización

A organización das actividades complementarias e extraescolares está coordinada pola vicedirección e nela participará todo o profesorado e o alumnado que estea involucrado en cada unha das actividades que se propoñan.

### I Comisión de actividades

A Comisión de Actividades non ten unha composición fixa nin un funcionamento orgánico, senón que máis ben debe entenderse como algo aberto que, coordinado pola vicedirección, funcionará sempre que as actividades propostas requiran da cooperación de varios departamentos ou afecten a unha grande parte do alumnado ou ben á súa totalidade. De especial importancia é a organización da Semana Cultural, para o que se fará unha convocatoria específica e coa suficiente antelación para que as iniciativas podan ser deseñadas e preparadas con tempo. Na preparación de cada actividade deberá comunicarse sempre o horario ou calendario, alumnado e profesorado afectado, necesidades de espazos, medios humanos, materiais e audiovisuais.

## II Dinamizacións e Proxectas

As dinamizacións e os programas “Proxecta” teñen un marcado ámbito de intervención e contarán co maior apoio da dirección e do resto do profesorado para facilitar e divulgar o seu labor. Na medida do posible, intentarase que todo o profesorado que estea ao cargo de algunha das dinamizacións ou proxectas, sexa en cualidade de coordinación ou de colaboración, dispoña de facilidades para desenvolver o seu labor, que ata o momento tense demostrado enormemente enriquecedor. As memorias anuais das dinamizacións deberán dar unha idea clara da actividade desenvolvida ao longo do curso, e das fortalezas e debilidades, de xeito que cada novo curso poda mellorarse e consolidarse o traballo iniciado. É tamén importante contar con un rexistro gráfico ben escollido e de calidade suficiente para que poda ser arquivado e utilizado nas memorias e en publicacións de calquera tipo. A este respecto a web do centro conta con espazos específicos para que as dinamizacións e proxectas divulguen as súas iniciativas, co que se dá publicidade ao labor desenvolvido, á vez que se recoñece o traballo, esforzo e dedicación do profesorado e alumnado participante das distintas dinamizacións e proxectas.

## III Departamentos

Os departamentos son outra das grandes fontes de xeración de actividades, normalmente enmarcadas dentro das súas programacións didácticas como apoio ou suplemento das actividades docentes, algunhas con carácter periódico ou programado, e outras máis esporádicas e imprevisibles. Dada a grande afectación que teñen algunhas destas actividades no desenvolvemento normal dos horarios, é necesario facer un esforzo por optimizalas, facendo que quede fóra da actividade ou sen ocupación concreta a menor cantidade posible de alumnas e alumnos. Para iso débese informar das mesmas con suficiente antelación e prever o alumnado afectado, sexa tanto por participar na actividade como por non facelo e tratando de que este último colectivo teña algunha alternativa. Un dos criterios a ter en conta é a de combinar diferentes actividades promovidas por distintos departamentos, de xeito que podan incorporar ao maior número de alumnos e alumnas, moito mellor se son grupos completos, aproveitando ademais ao máximo os desprazamentos e o tempo total que se ocupe. Deberá tamén organizarse a toma de rexistros gráficos ou documentais da actividade, así como a recollida de permisos e demais cuestións específicas da actividade a desenvolver.

#### IV Programas e proxectos

Fóra das actividades de carácter estable (viaxes, celebracións e demais), é interesante dar cabida a calquera iniciativa que poda xurdir de maneira espontánea ou puntual, sexa a proposta do profesorado, do alumnado ou da ANPA. Actividades como concursos de aula ou etapa, audicións, torneos, decoración e ambientación das instalacións e demais, que poden ter unha continuidade ou ben estar limitadas no tempo, deben ser parte da programación, favorecendo o espírito de iniciativa e creatividade, principalmente entre o alumnado.

### 7. Cronograma

Aínda que a actividade de carácter extraescolar ou complementaria abrangue a totalidade do curso académico e resulta, polas súas propias características, un proxecto sempre vivo e en constante cambio, hai algunhas fases que teñen unha especial relevancia, ben polo carácter organizativo, ben pola celebración de certas actividades de especial entidade.

#### I Programación

A memoria anual de actividades complementarias e extraescolares é o documento básico no que se recolle todo o traballo desenvolvido neste ámbito durante o curso, e permitirá a mellora constante das prácticas cara unha maior eficiencia na súa organización, e tamén cara o deseño de novos proxectos ou modificación dos existentes. Con base nos principios de funcionamento do centro e na memoria anual, elaborárase anualmente a nova programación, que será necesariamente aberta, se queremos que sexa capaz de incorporar novas propostas que vaian xurdindo a medida que o curso avanza.

#### II Comezo de curso

Os labores de comezo de curso consisten fundamentalmente na constitución das distintas comisións e dinamizacións, elaboración de calendarios, posta en marcha dos proxectos de carácter fixo, actualización da páxina web, elaboración das programacións de actividades dos departamentos e conformación da programación xeral de actividades complementarias e extraescolares. Nos primeiros claustros daranse as pautas xerais para a comunicación e organización das actividades, evitando ao máximo as présas de tempo e a excesiva concentración en determinados períodos do curso.

### III 1º trimestre

Durante o mes de novembro será aprobada a programación xeral de actividades complementarias e extraescolares, dentro do capítulo III da Programación Xeral Anual. Ademais neste trimestre debe organizarse o Magosto e empezarse a organizar a Semana Cultural. Neste curso 23-24 tamén se realiza a “Dixital Week” para o alumando de 2º ESO.

### IV 2º trimestre

As celebracións fixas para o 2º trimestre son o Entroido e a Semana Cultural . A viaxe de fin de etapa de 4º ESO; a viaxe a Sevilla, Granada e Córdoba do departamento de Relixión; a saída ao Parque Natural de Picos e a posible viaxe a París.

### V 3º trimestre

A este trimestre corresponden normalmente a celebracións das Letras Galegas, a despedida do alumnado de 2º de bacharelato e ciclos e actividades de fin de curso.

### VI Fin de curso

O desenvolvemento das actividades de toda clase, xunto coas avaliacións de cada unha delas en canto á participación, revisións oportunas, observacións e demais, irán conformando a Memoria Anual de Actividades.

## 8. Avaliación

É importante contarmos con mecanismos que nos permitan mellorar a xestión das actividades, optimizando os recursos utilizados e o tempo dedicado á súa organización, maximizando a incidencia potencial no alumnado e, en xeral, na comunidade escolar, e minimizando os trastornos que se producen de xeito natural no desenvolvemento da actividade académica normal. Para iso é conveniente establecer protocolos, necesariamente simples e eficientes, que nos permitan rexistrar para cada actividade ou evento as prácticas desenvolvidas, o logro dos obxectivos perseguidos e os axustes que resulten adecuados cara un mellor aproveitamento global do esforzo realizado.

## 9. Xestión de recursos

Na programación e desenvolvemento de todas as actividades é sempre necesario xestionar recursos de todo tipo, que supoñen un esforzo engadido e non sempre suficientemente atendido. Resulta necesario, polo tanto, que na organización das actividades contemplemos diferentes aspectos a maiores de aqueles

especificamente relacionados coa actividade ou evento de que se trate, como son a dispoñibilidade, adecuación e ambientación de espazos, a dispoñibilidade e adecuación dos recursos audiovisuais e informáticos, a publicidade e información, o rexistro gráfico e documental, e outros semellantes. A xestión destes recursos implica a colaboración de profesorado, alumnado e persoal non docente, colaboración que é necesaria na maior parte dos casos e que debe estar planificada coa suficiente antelación e claridade, para evitar posibles inconvenientes derivados dunha insuficiente previsión.

A Vicedirectora

Asdo.: M. del Carmen Vigo Vales

Muros, 7 de novembro de 2023

## **ANEXO I: ACTIVIDADES DEPARTAMENTOS:**

### **DEPARTAMENTO XEOGRAFÍA E HISTORIA**

1º ESO: Visita ao Parque Rupestre de Campo Lameiro (2ª semana xaneiro 2014)

2º ESO: Visita catedral Santiago e visita casco histórico (20 de novembro 2023)

3º ESO: Visita Parlamento de Galicia e exposición Cidade Cultura ( 25 de xaneiro 2024)

2º Bacharelato: Alumnado Xeografía ( visita Parlamento de Galicia e exposición Cidade Cultura) e o alumnado de Historia da Arte ( visita catedral Santiago e visita casco histórico)

### **DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA**

- Participación no programa Prensa-escuela de “La voz de Galicia” Polo que os alumnos recibirán un xornal todos os mércores, o que permitirá traballar diferentes aspectos da actualidade económica. Economía 4º ESO, Economía 1º Bach e Empresa e deseño de modelos de negocio 2º bacharelato

- Participación no concurso de simulación empresarial “Young business talents” Economía 1º bach . Se algún equipo se clasifica para a final nacional probablemente sería en Madrid o 19 de Abril.

- Participación no concurso “Consumópolis” sobre consumo responsable. Economía e emprendemento 4º ESO e Formación e orientación persoal e profesional de 4º ESO

- Participación no programa “Empresa familiar nas aulas” polo que os alumnos recibirán unha charla dun responsable dunha empresa familiar e se organizará unha visita a esa empresa alumnos de economía de 1º bacharelato e de empresa e deseño de modelos de negocio de 2º de bacharelato

- Posible visita ás instalacións do Deportivo da Coruña para que expliquen aos alumnos o funcionamento dunha empresa deportiva.

- Taller impartido pola Fundación Mapfre sobre educación financeira a todo o alumnado matriculado en materias do departamento

### **DEPARTAMENTO DE LATÍN**

Como en cursos anteriores, barallamos a posibilidade de asistir ó Festival de Teatro Clásico de Lugo, á altura de febreiro ou marzo. A decisión de ir ou non tomarase en función do

progreso dos aspectos académicos da Programación e, en caso afirmativo, será comunicada ó Equipo Directivo nas primeiras semanas de xaneiro. De non haber comunicación en tal sentido, entenderase que se descarta esta actividade. Como vimos facendo estes últimos anos, habemos participar na vindeira edición do Concurso Odisea organizado pola Sección Galega da Sociedad Española de Estudios Clásicos, o cal gañamos en dúas das súas edicións. A primeira fase do concurso desenvólvese por medios telemáticos, pero, en caso de que algún dos grupos participantes teña que asistir a unha hipotética fase de desempate, existe a posibilidade de ter que realizar un desprazamento, en horario vespertino, a un centro educativo designado pola organización do devandito concurso. Tamén podería ocorrer (como xa ten sucedido nalgunha ocasión), que o noso centro albergue unha sección do desempate. Calquera das dúas circunstancias será comunicada, no seu momento, ó Equipo Directivo.

## **DEPARTAMENTO DO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

As que se prevén neste momento son:

- Participación no Proxecto Ríos co alumnado de 1ºBACH.
- Saída ao Montelouro, co alumnado de 3ºESO -ou outros cursos-. (Semana Cultural)
- Posible saída co Xeólogo Francisco Canosa para alumnado de 1ºBACH e 4ºESO, a valorar se ten lugar na contorna ou se se realiza un desprazamento ata unha zona xeolóxica de interese. (Semana Cultural, de ser posible)
- É posible que, xunto co Dpto. de EF, se recupere a saída aos Picos de Europa que se facía no centro anteriormente.
- Solicitarase unha charla de Ángel Carracedo para o alumnado de 2ºBACH. (Semana Cultural). Intentarase poder visitar o seu centro de investigación cara finais de curso.
- Solicitaranse outras charlas do programa A Ponte USC para o alumnado de 4ºESO e/ou 2ºBAC (por exemplo, sobre bioquímica)
- Saída a un museo co alumnado de 1ºESO (e incluso 3ºESO). Pode ser algún da Coruña ou o Museo de Historia Natural Luís Iglesias en Compostela. Valorarase a posibilidade de realizar a saída con outro departamento como pode ser o de Xeografía e Historia. (Semana Cultural)

## **DEPARTAMENTO DE ELECTRICIDADE**

Visita á CENTRAL HIDROELÉCTRICA DO TAMBRE (I y II) :Visita á Central Hidroeléctrica e xantar en Noia. Regreso ao rematar o xantar. Duración: Todo o día

Visita a TALLERES TERMI, S.L. Visita os talleres en Meicende e xantar en Arteixo ou A Coruña. Duración: Todo o día

### **DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL**

- Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.( - Visitas virtuais a exposicións e museos para coñecer recursos e buscar ideas.- Tratarase de visitar espazos museísticos da contorna para valorar e coñecer o que nos rodea. Dita actividade estará supeditada á programación dos diferentes espazos expositivos.)
- Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área. (Animar e motivar ao alumnado a presentarse a concursos para fomentar a súa autonomía e iniciativa persoal, capacidade de traballo e responsabilidade.)
- Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares. ( O Departamento organizará varias exposicións co alumnado de 1º, 3º e 4º da ESO, co motivo da celebración da “Semana Cultural”- Ademais o Departamento estará sempre aberto a propostas interdisciplinares que poidan xurdir ao longo do curso escolar.)
- Saída para facer unha pintura do natural/fotografía dentro da contorna. (Realizar no terceiro trimestre unha pintura/fotografía co alumnado de 4º de ESO, dentro da contorna de Muros.)
- Proxecto Quérote +. (O departamento participará co alumnado de 3º da ESO dentro do proxecto, realizando a actividade relacionada coa orientación do desexo e a identidade sexual .)

### **DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

- Roteiro Rosalía. 3º, 4º ESO (segundo trimestre)
- Roteiro castelao: 4º ESO, literatura galega s.XX (segundo trimestre)
- Charla con Eva Mejuto:3º ESO, 4º ESO (primeiro trimestre)
- Charla Francisco castro: 2º ESO ( segundo trimetre)
- Charla Concha Blanco: 4º ESO (terceiro trimestre)
- Intercambio lingüístico e cultural co IES de Melide (todo o curso)
- Semana das letras: festa popular (terceiro trimestre)
- Semana Cultural: teatro e música (segundo trimestre)
- Saídas a teatro e recitais de poesía que se presenten ao longo do curso.
- Calquera outra actividade proposta polo alumnado que se poida organizar.



## DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Compostela Didáctico

- Soños Teatro: 20 febreiro 10h00 (3º,4º ESO)
- Pleasure Islanda. Real Filharmonía de Galicia: 25 abril 11h00 (4ºESO, BAC)

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

- Saída ao CIQUS (4º ESO e 1º BACH).
- Saída a Tecnópole.

## DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELLANA

Visita á Fundación de Camilo José Cela de Padrón. Nivel: 4º ESO 2º trimestre

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Xornadas multiaventura nos Picos de Europa con 1ºBach (no 3º trimestre)
- 2 días de Multiaventuras en Galipark (Padrón) con pernocta e pensión completa e monitores: 3ºESO (no 3º trimestre) prezo previsto 95€
- Ruta de Sendeirismo "Xeolóxica", actividade conxunta co departamento de Bioloxía. Prevista en San Andrés de Teixido (suxeita a cambios). Actividade para 1º de Bach. e 4º da ESO (3º trimestre)
- Surf / Padel Surf (dependendo das condicións do mar) en Louro, 4ºESO (3º trimestre)
- Vela Tradicional (no Freixo) co curso de 2º ESO (3º trimestre)
- Escalada en Santiago de Compostela no rocódromo privado "The Other Climb" con monitores especializados-- 4ºESO (luns de 9.30 a 11.30h). Posible colaboración co departamento de Xeografía e Historia
- Kayak, remo e padel surf en Muros con 3º da ESO (3º trimestre)

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Actividade: Violencia de xénero CIM de Muros ESO e FPB Novembro

Obradoiro: Educación afectivo sexual Matrona do centro de saúde de Muros 4º ESO 2º/3º trimestre  
Obradoiro: Saúde menstrual e coñecemento do corpo Matrona do centro de saúde de Muros 1º ESO 2º trimestre

Charla: Delitos de odio e discriminación Plan Director ESO, FPB, CM, BACH 2º trimestre

Charla: Adicións (apostas, videoxogos) Plan Director ESO, FPB, CM, BACH 2º trimestre

Obradoiro: educación emocional-xestión das emocións Entidade externa ESO 1º/2º tri-

mestre Obradoiro: Prevención dos trastornos da conduta alimentaria Psicóloga especializada ESO 2º trimestre

Charla: mobilidade segura e saudable Aesleme ESO, FPB, CM, BACH 2º trimestre

Obradoiro: Imaxe corporal e autoestima Centros Quérote + FP Básica 2º trimestre

Obradoiro: Convivencia e relación sociais Centros Quérote + 3º ESO/FP Básica 1º/2º trimestre  
Charla: Orientación universitaria e ABAU Programa A Ponte USC 2º BACH 2º trimestre

## **DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN**

Realización dun tramo do Camiño de Santiago para o alumnado de ESO

Realización da viaxe a Sevilla, Córdoba e Granada para o alumnado de 1º Bacharelato. Neste caso para facer unha comparativa das tres grandes relixións (Islam – Xudaísmo- Cristianismo) do 16 de marzo ao 19 de marzo.

## **DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**

Debido a que o francés é unha lingua estranxeira aínda minoritaria en canto ás actividades culturais, é moi difícil prever coa suficiente antelación cales poderán desenvolverse por tódolos alumnos e alumnas do centro matriculados nesta materia.

Unha actividade interesante sería poder levar o alumnado ó teatro ou ver algunha película en versión orixinal que teña interese para eles.

Neste caso, as posibilidades poden presentarse ao longo de todo o curso, e o Departamento intentará anunciarlas coa maior antelación posible.

Semana Cultural – No Centro, grupos, data e hora a determinar:

- Film Alliance Française Santiago “Seuls “ - David Moreau Long métrage - 1h30 (français soutitres espagnol) Segundo trimestre:

- Food-truck “La Marinière” Crêpes . No Centro, data e hora por determinar, para todo o alumnado de francés

- Posible viaxe a París para o alumnado de 3º, 4º ESO e 1º Bac (abril)

## **DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

Durante o curso 2023/2024 levaranse a cabo algunhas actividades que fomenten e que amplíen os coñecementos do alumnado na materia de lingua inglesa e a súa cultura.

As actividades que se propón son modelos que poden variar, ademais ao longo do curso poden xurdir actividades que dependen dunha figura externa e que se engadiran na memoria no caso de que se leven a cabo

Actividades propostas para o segundo e terceiro trimestre:

- Escape Room en inglés coa empresa CocoRoom en Santiago de Compostela → 4º ESO /1 bach
- Visita guiada en inglés a Fisterra con actividades en Inglés. POSIBLES CURSOS → 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO ou 1 bach → Para o segundo ou terceiro trimestre
- Visita ao Cemiterio dos Ingleses en Camariñas para o terceiro trimestre. Posibles cursos 4º ESO ou 1º bach

## DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

Charla coloquio sobre: “Drogas legais” Alcohólicos anónimos + Al-Anon 1º e 2º bach (só psicoloxía) 13/11/2023

Charla coloquio sobre: “Constitución española de 1978: a constitución que nos dimos entre todos?” Martiño Neira 1º e 2º de bach 20 e 21/ 12/2023

Charla coloquio sobre: “Esquizofrenia e drogadicción” 2º bach (psicoloxía)

Charla coloquio sobre: “Capacidades diversas” Asociación Síndrome de Down (Compostela) 2º bach (psicoloxía)

Charla coloquio sobre: “Micromachismos nas aulas” Priscila Retamozo 1 e 2ªbach

Visita ao Centro Galego de Arte Contemporáneo de Compostela. (En colaboración co dpto de debuxo) Dentro da actividade : “Que é unha experiencia estética” 4º ESO

Visita ao Parlamento Galego (En colaboración co dpto de historia) Dentro do marco de traballo: “Sociedade civil e organización política” 1º de bach

## DEPARTAMENTO DE INFORMÁTICA (FPB)

Roteiro de ámbito científico e inglés

Visita a unha empresa relaciona coa familia da FPB

Scape room en Santiago

## DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

O departamento poderá organizar ao longo do curso, individualmente ou en colaboración con outros departamentos ou coa vicedirección do centro, aquelas actividades que consi-

dere adecuadas ou de interese par ao alumnado, entre as que vaian sendo ofrecidas por entidades ou institucións externas ao centro (Concello, universidades, museos, asociacións diversas ...) ou ben aquelas que xurdan dentro do centro por iniciativa do propio departamento, do alumnado, doutros departamentos ou ben da propia vicedirección.

Así, entre as actividades externas podemos indicar as seguintes, dirixidas ao alumnado en xeral, aínda que no seu momento decidírase a que grupos ou niveis se dirixirán de xeito particular:

- visitas a museos, como o Muncyt ou outros
- visitas a centros académicos ou de investigación, como o CESGA, facultades universitarias, CiTIUS, CITMAga ou semellantes
- outras visitas que eventualmente sexan de interese, como exposicións ou outras
- palestras ofrecidas pola USC dentro do Programa A Ponte ou similares
- participación en certames ou concursos, como Estalmat, Canguro Matemático, Olimpíada Matemática Galega ...

Entre as actividades con carácter interno, podemos indicar as seguintes:

- organización de actividades dentro da Semana Cultural do centro
- outras actividades de carácter divulgativo, lúdico ou experimental, relacionadas co ámbito matemático
- participación colaborativa con outros departamentos ou proxectos do centro en actividades de carácter multidisciplinar ou transversal
- elaboración de exposicións ou proxectos relacionados co ámbito matemático

A temporización das actividades descritas farase ao longo do curso, adecuándoas á propia marcha do curso e á programación xeral de actividades complementarias e extraescolares do centro.